

Código do documento USG13I007Z	Código do expediente USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)  444J 620D 0E0V 4815 10AQ	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE MARZO DE 2019.

PRESIDENTE: O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro
ASISTENTES:
D. Diego Antonio Taibo Monelos D. ^a M ^a Guadalupe Pombo Carril D. ^a Carmen Varela Corbelle D. Juan Carlos Iglesias Lovelle D. ^a Marta M ^a Iglesias Becerra D. Miguel Suárez García D. ^a Marta M ^a Figueira Fuentes
INTERVENTORA MUNICIPAL: D. ^a Vanesa García Barreiro
SECRETARIA XERAL: D. ^a Pilar M ^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día catro de marzo do ano dous mil dezanove, reúñese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D.^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueira Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2019.

C.I.F. P-1503100-H

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 25 de febreiro de 2019.

2.- PROPOSTAS.

2.1.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES PARA A FORMACIÓN DE LISTA DE SUBSTITUCIÓN PROFESORES/AS CONSERVATORIO DE MÚSICA.

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. xefe de servizo de Economía e Facenda de data 25 de xaneiro de 2019 conformada pola Sra. concelleira delegada de Seguridade Ciudadá, Recursos Humanos e Régime Interior, en data 28 de xaneiro de 2019 (código do documento UPO12I00VK), que transcrita literalmente di:

"PROPOSTA INICIAL SERVIZO DE persoal E ORGANIZACIÓN

PROPOSTA CONVOCATORIA FORMACIÓN LISTA SUBSTITUCIÓN PROFESORES/AS CONSERVATORIO DE MÚSICA

O Convenio Colectivo do Concello de Culleredo (BOP 04.07.2013) establece no seu artigo 31.3, que a selección de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de postos de traballo da relación de postos de traballo, realizarase mediante listas de substitución.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de marzo de 2017 aprobou as *Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución* (BOP 05/04/2017). As citadas



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

bases no seu punto 2.4 establecen que “As listas de substitución estarán vixentes ata a aprobación dunha nova lista da praza en cuestión polos procedementos establecidos nestas bases. Na resolución de aprobación da nova lista farase mención expresa á lista de substitución que deixa de estar vixente. A pérdida de vixencia da lista implica a extinción do dereito dos seus integrantes a ser chamados para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as ou a contratación de persoal laboral temporal”. E no seu punto 2.5 dispón que “As listas de substitución renovaranse anualmente, abríndose un prazo para a admisión de novos aspirantes, ou para que os que forman parte das mesmas manifesten a súa vontade de continuar”. A renovación das mesmas realizarase de conformidade co disposto no Anexo I das citadas bases xerais así como as específicas que para convocatoria se aproben.

Na actualidade non hai en vigor ningunha lista de substitución de profesores/as do Conservatorio de Música para a especialidade de acordeón-piano, sen prexuízo de que sería convinte renovar as listas do resto das especialidades.

De acordo co disposto anteriormente e en previsión de que sexa necesario a contratación dalgún profesor ou profesora como persoal laboral temporal por algúns das razóns recollidas na lexislación vixente, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

A aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunhas listas de substitución de profesor/a (persoa laboral temporal) nas especialidades de acordeón-piano, canto, clarinete, composición, frauta travesera, guitarra, percusión, piano, saxofón, trompeta, violín e violonchelo, de acordo co seguinte detalle:

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DE LISTAS DE SUBSTITUCIÓN DE PROFESOR/A (PERSONAL LABORAL TEMPORAL).

CONVOCATORIA

Convócanse proceso selectivo, polo sistema de concurso de méritos, para a formación de listas de substitución de profesores/as de música (persoa laboral temporal) nas especialidades de acordeón-piano, canto, clarinete, composición, frauta travesera, guitarra, percusión, piano, saxofón, trompeta, violín e violonchelo.

A presente convocatoria rexererase polas *Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no BOP núm. 65 do 05 de abril de 2017, e polas seguintes bases específicas da convocatoria:

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA

1. NORMAS XERAIS.

As presentes bases específicas rexerán, xunto coas *Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2017 e publicadas no BOP núm. 65 do 05 de abril de 2017, a selección para a formación de listas de substitución de profesores/as de música (persoa laboral temporal) nas especialidades de acordeón-piano, canto, clarinete, composición, frauta travesera, guitarra, percusión, piano, saxofón, trompeta, violín e violonchelo.

2. REQUISITOS DOS/DAS CANDIDATOS/AS.

Para ser admitidos no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, ademais dos esixidos na número 2 do Anexo I das Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución (BOP 05/04/2017), os seguintes requisitos:

2.1. **Titulación.** A titulación esixible de acordo co número 2 do Anexo I das Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución, será algunha das seguintes:

- Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou equivalente, na especialidade correspondente.
- Título superior de música establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente, na especialidade correspondente.
- Título de profesor superior de música que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

- Título de profesor ou título profesional de música do plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, na especialidade correspondente.

- Ademais destas titulacións, poderán presentarse os aspirantes que posúan o título de profesor de música do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, na especialidade correspondente.

As retribucións serán as correspondentes ao grupo I-a, agás no caso de que os aspirantes seleccionados posúan a titulación regulada no citado Decreto 2618/1966 que serán as correspondentes ao grupo I-b.

2.2. Coñecemento lingua galega: CELGA 4 ou equivalente.

2.3. Non ter antecedentes no Rregistro Central de Delincuentes Sexuais.

3. SOLICITUDES.

3.1. As persoas interesadas en tomar parte nos procesos de formación ou renovación de listas terán que facelo constar en instancia segundo modelo que se facilitará na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

3.2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, bastará con que o/a aspirante manifeste na súa instancia que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2 desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1. Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
2. Título ou acreditación do requisito de titulación.
3. Certificación negativa do Rregistro Central de Delincuentes Sexuais.
4. Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.
5. Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. Non se terán en conta na valoración de méritos os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello de Culleredo, bastará con unir xustificante da súa solicitude.

3.3. Na instancia presentada, o/a solicitante declarará baixo a súa responsabilidade que as copias da documentación que achega á mesma, son fiel reflexo dos orixinais que obran no seu poder.

3.4. O prazo para a presentación das solicitudes será de dez días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.5. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rregistro Xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rregistro Xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

No caso de que as solicitudes se presenten en algún dos lugares previstos no artigo 16.4 da citada Lei 39/2015, o/a aspirante deberá remitir ao Concello de Culleredo, via fax (981 677 646) ou por correo electrónico (persoal@culleredo.es) copia selada da instancia presentada.

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

4.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, por resolución do alcalde(sa) ou concelleira/o delegada/o aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

4.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

4.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, por resolución do alcalde(sa) ou concelleira/o delegada/o aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

5. COMISIÓN DE VALORACIÓN.

5.1. A comisión de valoración será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deben ser persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo e pertencer a un corpo, escala, categoría profesional no que se requira para o ingreso, unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5.2. A comisión de valoración estará composta por un/unha presidente, tres vogais e un/unha secretario/a garantindo a paridade entre muller e home. A composición nominal do tribunal establecerase na resolución na que se aprueba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

5.3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde(sa) ou concelleiro(a) delegado(a), cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde(sa) ou concelleiro(a) delegado(a) poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta base.

5.4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/unha vogal.

5.5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

6. PROCESO SELECTIVO.

6.1. O proceso selectivo, polo sistema de concurso, consistirá na valoración dos méritos que se indican:

a) Expediente académico e titulacións

Expediente (máximo 2 puntos)

Valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico do título esixido con carácter xeral para a contratación.

Entre 6 e 7,50: 1 punto.

Entre 7,51 e 10: 2 puntos.

Escala en créditos: de 1 a 4

Desde 1,50 a 2,25: 1 punto

Desde 2,26 a 4: 1,5 puntos

Para a obtención da nota media do expediente académico nos casos en que non figure a expresión numérica concreta, se aplicarán as seguintes equivalencias:

Aprobado: 5

Apto: 5

Ben: 6

Notable: 7

Sobresaínte: 9

Matrícula de honor: 10



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

Aquelas cualificacións que conteñan a expresión literal “convalidadas”, consideraranse equivalentes a 5, salvo que se aporte certificación na que se acredite a cualificación que deu orixe á validación, considerándose neste caso a cualificación orixinaria.

En ningún caso se tomarán en consideración para obter a nota media do expediente académico as cualificacións correspondentes a materias complementarias, proxectos de fin de carreira, teses ou análogos.

O expediente acreditarase mediante certificación académica persoal orixinal ou fotocopia compulsada na que consten as puntuacións obtidas en todas as materias e cursos esixidos para a obtención do título alegado.

En caso de que ditas titulacións se teñan obtido no estranxeiro deberá terse concedida a correspondente homologación de conformidade co disposto nos Reais Decretos 86/1987, de 16 de marzo, e 104/1988 de 29 de xaneiro, o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, e o Real Decreto 1665/1991 de 25 de outubro. Neste caso, e con obxecto de calcular a nota media do expediente académico, deberá aportar certificación expedida pola Administración educativa do país no que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese ademais a cualificación máxima e mínima obtibles de acordo co sistema académico correspondente, a efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

Outras titulacións (máximo 1 punto)

- Por titulacións de grao superior en estudos musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0,50 puntos por titulación.
- Por titulacións de grao medio en estudios musicais en outros instrumentos e/ou especialidades distintas á opción: 0,25 puntos por titulación.

C.I.F.P-1503100-H

Acreditarase mediante certificación académica ou fotocopia do título alegado, ou no seu caso, certificación do abono dos dereitos de expedición.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de expediente académico e titulacións é de 3 puntos.

b) Formación relacionada co posto

Por cada curso de formación ou perfeccionamento superado, convocado polas Administracións Educativas, as Universidades, ou as institucións sen ánimo de lucro que teñan firmados convenios de colaboración coa Administración Educativa, relacionado coa especialidade á que se opta, ou coa organización escolar, as novas tecnoloxías aplicadas á educación, a didáctica, a psicopedaxoxía e a socioloxía da educación:

- Cursos de duración de 20 a 49 horas lectivas: 0,05 puntos.
- Cursos de duración de 50 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Cursos de duración de 100 a 250 horas lectivas: 0,25 puntos.
- Cursos de más de 250 horas: 0,50 puntos.

En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles “cursos” cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico.

Acreditarase mediante certificación dos cursos realizados na que conste o número de horas de duración. Os cursos nos que non se indique de forma expresa o número de horas de duración, non se valorarán.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de formación relacionada co posto é de 2 puntos.

c) Experiencia docente

Aos efectos deste apartado non poderán acumularse as puntuacións cando os servizos se teñan prestado simultaneamente en máis dun centro docente.

Os servizos prestados en períodos inferiores ao ano, valoraranse de forma proporcional.

Os servizos prestados con xornada parcial, valoraranse de forma proporcional.



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

- Por cada ano de servizos en centros de titularidade pública, na mesma especialidade á que se opte: 0,50 puntos por ano.

- Por cada ano de servizos en outros centros, na especialidade á que se opte: 0,25 puntos por ano.

Os servizos prestados no estranxeiro se acreditarán mediante certificados expedidos polos Ministerios de Educación dos respectivos países, nos que deberán constar o tempo de prestación de servizos, o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán ou galego e coa apostilla da Haya.

Acreditarase mediante certificación de servizos prestados, ou mediante informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

Na documentación presentada deberá acreditarse a data de inicio e fin dos servizos prestados, e se se trata de xornada total ou xornada parcial (especificando neste caso o número de horas/semana)

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia docente é de 5 puntos.

d) **Cursos de lingua galega** (en caso de posuir varios títulos, só se valorará o curso de maior nivel)

- Linguaxe administrativa (Nivel medio): 0,75 puntos.
- Linguaxe administrativa (Nivel superior): 1,00 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de lingua galega é de 1 punto.

Acreditarase mediante certificados acreditativo do curso realizado. Valorarase unicamente o curso do nivel máis alto que se posúa.

6.2. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde establecerase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios: maior experiencia docente, maior expediente académico, maior puntuación nos cursos de formación relacionados co posto, maior puntuación nos cursos de lingua galega. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apellido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría do Estado para a administración pública.

7. RECURSOS.

7.1. Contra o acordo de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde a súa publicación.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición. Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

7.2. As convocatorias e cantos actos sexan ditados polos tribunais dos procesos selectivos, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.”

Dáse conta do informe da Sra. interventora xeral, de data 6 de febreiro de 2019 (código do documento UIT13I0033), que transcrito di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DE LA PROPUESTA DE APROBACIÓN DE LA CONVOCATORIA Y DE LAS BASES DE LA CONVOCATORIA DEL PROCESO SELECTIVO PARA LA FORMACIÓN DE LISTA DE SUSTITUCIÓN DE PROFESOR/A (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

1.- Según el artículo 8.1 c) de la Ley 7/2007 del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP), son empleados públicos quienes desempeñan funciones retribuidas en las Administraciones Públicas al servicio de los intereses generales, incluyendo entre otras categorías al personal laboral ya sea fijo, por tiempo indefinido o temporal. Es personal laboral, según el artículo 11 del citado cuerpo legal, el que en virtud del contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas, siendo en función de la duración del contrato de trabajo, fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2- Todos los ciudadanos, según el artículo 55 del EBEP, tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

Las administraciones públicas seleccionarán a su personal laboral mediante procedimientos que garanticen los principios constitucionales anteriores así como los siguientes:

- Publicidad de las convocatorias y sus bases.
- Transparencia.
- Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.
- Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.
- Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.
- Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.

Además todos los procesos selectivos deben tener carácter abierto por imperativo del artículo 61 del del EBEP, y garantizarán la libre concurrencia. Estableciéndose, en el artículo 61.7, como los sistemas selectivos de personal laboral fijo serán los de oposición, concurso-oposición y concurso de valoración de méritos.

3.- La Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2019 aún no ha sido aprobada, pero la prorrogada Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, establece, en su artículo 19.2, que no se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.

4.- Ha de tenerse en cuenta también que, de acuerdo con la nueva regulación de la LRBRL, derivada de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, las competencias de las Entidades Locales han variado sensiblemente y no parece que la actual atribución esté recogida ni entre las propias de los Ayuntamientos (Art. 25), ni entre los servicios mínimos (Art. 26), o que haya sido objeto de delegación en las condiciones previstas en el artículo 27.

5.- No consta informe de Secretaría General.

En base a lo anterior, se llega a la siguiente

CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida por causa de incompetencia, de tal modo que de seguirse adelante con la contratación se



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

entenderá formulado el correspondiente reparo por omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales del artículo 216.2 c) TRLHL.”

Dáse conta da nota informativa de Secretaría 12/2019, de data 28 de febreiro de 2019 (código do documento USG13I006Z), que transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

12/2019

Presentada nesta Secretaría proposta do xefe de servizo de economía e facenda de data 25 de xaneiro de 2019 conformada pola concelleira delegada de seguridade cidadá, recursos humanos réxime interior na que se propón a aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunhas listas de substitución de profesor/a (persoal laboral temporal) nas especialidades de acordeón-piano, canto, clarinete, composición, frauta travesera, guitarra, percusión, piano, saxofón, trompeta, violín e violonchelo, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes observacións:

Consta no expediente informe da Sra. Interventora municipal de data 6 de febreiro de 2019 no que se informa desfavorablemente a proposta por causa de incompetencia. Sinala en dito informe que: “(..../....) 3.- la Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2019 aún no ha sido aprobada, pero la prorrogada Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, establece en su artículo 19.2, que no se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.

C.I.F.P-1503100-H

4.- Ha de tenerse en cuenta también que, de acuerdo con la nueva regulación de la LRBRL, derivada de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, las competencias de las Entidades Locales han variado sensiblemente y no parece que la actual atribución esté recogida entre las propias de los Ayuntamientos (Art. 25), ni entre los servicios mínimos (Art. 26), o que haya sido objeto de delegación en las condiciones previstas en el artículo 27(..../....)”.

Esta Secretaría comparte o criterio desfavorable da Intervención municipal manifestado no informe citado, pois o conservatorio municipal non está relacionado nas competencias propias enumeradas polo artigo 25.2 da Lei 7/85, de 2 de abril (na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro).

Criterio distinto é o sostido polo Valedor do Pobo quen no expediente de queixa A.4.Q/19110/14 por escrito de data 5 de xaneiro de 2015 fixo chegar ao Concello a seguinte Recomendación: “Que se adopten medidas necesarias polo Concello a fin de garantir a substitución mediante contratacóns temporais de xeito máis áxil posible, nos casos de baixas ou ausencias do profesorado titular do Conservatorio Profesional de Música, minimizando o impacto negativo na formación dos alumnos que con tales situacións se xeren”.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha(1)plana. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que pola súa natureza requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as observacións feitas poderán ampliarse de acordo co que dispón a normativa de aplicación.”

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta, que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a proposta do Sr. xefe de servizo de Economía e Facenda de data 25 de xaneiro de 2019 conformada pola Sra. concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, en data 28 de xaneiro de 2019 (código do documento UPO12I00VK), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

3.- DACIÓN DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN. PUBLICACIÓN OFICIAL.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 20 de febreiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba o anuncio do procedemento para a tramitación das solicitudes dos concellos da provincia da Coruña para autorización de obras. BOP núm. 40 do 26-02-2019.
- Resolución do 22 de febreiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2019. BOP núm. 40 do 26-02-2019.
- Anuncio do 18 de febreiro de 2019, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública –Delegación do Goberno en Galicia-, polo que se fai pública, en relación coas Eleccións Locais 2019, a relación de municipios da provincia da Coruña agrupados por Partidos Xudiciais, con indicación da súa poboación e do número de concelleiros que corresponde a cada un deles. BOP núm. 43 do 01-03-2019.

3.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 279 de data do 21/02/2019, pola que se concede a licenza municipal núm. 426 para reserva de pasaxe permanente para o garaxe da comunidade de propietarios da Avda. Fonteculler, núm. 78.
- Resolución núm. 280 de data do 21/02/2019, pola que se dá de alta como condutor asalariado para a licenza de taxi núm. 10 do Concello de Culleredo, á D. C. J. R. M.
- Resolución núm. 281 de data do 21/02/2019, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, para a instalación de LMT SMC-711 na R/. Silva – Almeiras.
- Resolución núm. 282 de data do 21/02/2019, pola que se autoriza o uso especial dos terreos de dominio público municipal á GAS NATURAL REDES GLP, SA, para a substitución de válvula da rede de gas na R/. Río Chan.”

3.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“RESOLUCIÓN emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓN MUNICIPAL DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)**
conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*

Data	Nº	TEMA	Persoa	Intensidade

9 de 14

Código do documento USG13I007Z	Código do expediente USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)  444J 620D 0E0V 4815 10AQ	

da resolución	nº resolución		beneficiaria	
20/02/19	268	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	E. R. R. e A. C. O.	Cinco horas á semana (agás festivos).
20/02/19	269	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar. Conceder o servizo de Xantar na casa e dar traslado esta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	A. P. G.	Dúas horas á semana (agás festivos). Sete días da semana.
20/02/19	270	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	A. T. A.	Cinco horas á semana (agás festivos).
20/02/19	271	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	M. M. A. e J. M. E.	Cinco horas á semana (agás festivos)
20/02/19	272	Conceder unha prórroga no servizo municipal de Axuda no fogar.	E. C. V.	Dúas horas á semana (agás festivos) ata o 15/02/2020.
20/02/19	273	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e Xantar na casa e declarar concluso o procedemento.	M. J. I. C.	
25/02/19	306	Dar de baixa de oficio no servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	H. V. V.	

C.I.F.P-1503100-H

**PRESTACIÓNES ECONOMICAS MUNICIPALIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente *Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013*

Data da resolución	nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
20/02/2019	274	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	M.C.B.L.	Pago do recibo de comunidade correspondente ao período do mes de xullo (42 €) e agosto (42 €) de 2018.	
25/02/19	307	Conceder una axuda económica.	C. S. S.	Pago de aluguer, correspondendo 350 € os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2019	1.050,00 €

Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA IV DE INSERCIÓN SOCIAL

- - Intervención comunitaria: Liña de 1.A. de Autonomía persoal e apoio á vida independente

“Espazos e aulas de Benestar”:

O mércores día 6 os participantes das actividades cognitivas de *Estimulación Mental* e *Escola Viva* do programa de Espazos e Aulas de Benestar Social, terán unha visita didáctica guiada no MUNCYT, Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, situado no edificio Prisma de Cristal na Coruña. A visita se fará en dous grupos xa que o número total de inscritos nesta actividade é de 126 persoas (11 grupos de Estimulación Mental e 2 de Escola Viva). Un deles comezará ás 10.15 h e o outro unha hora máis tarde.

Doutra banda, o xoves 7 de marzo a Agrupación de Voces Veteranas de Culleredo participará xunto con outros grupos musicais nun concerto no Centro de Día de O Burgo con motivo do entroido e co obxectivo de encher de música o tempo de lecer das persoas residentes. A actuación será as 11.00 horas.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

**Accions abertas de sensibilizacion social :

- - Intervención comunitaria: Liña 3.B. de Igualdade de xénero , empoderamento e inserción laboral da muller

ACTOS POLO DÍA DA MULLER

C.I.F.P-1503100-H

A Concellaría de Benestar Social e Igualdade promove e da difusión a todas as actividades municipais organizadas polas distintas áreas municipais e coordinadas polas Asociacións de Mulleres da localidade a prol da vindicación da defensa dos dereitos da muller e o seu empoderamento co fin último para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Entre as actividades que se desenvolven neste concello, fomentase e animase á súa participación dende os distintos medios locais das seguintes accións:

- Teatro, coa obra *Insubmisión*, da compañía Teatro do Andamio, o vindeiro 7 de marzo, ás 20,00h, dentro da programación da Concellaría de Cultura; en Servizos Múltiples, logo da presentación da directora da obra, Rosa Molero, ás 19,30h.
- Presentación do libro: “*Poemario. Puta no es un poema*” da autora Puri Sánchez. Organizado pola Asociación das Mulleres As Berenguelas, o vindeiro 6 de marzo ás 20,00h da tarde no Centro Social Municipal Amparo Prego Ruibal.
- Presentación do libro “*Mulleres*” da autora Mª Carmen Rey Núñez, Organizado pola Asociación das Mulleres As Berenguelas, o 7 de marzo, ás 19,30h no Centro Social Municipal Amparo Prego Ruibal.
- Xantar da Muller, organizado pola Asociación das Mulleres As Berenguelas, o vindeiro 9 de marzo sobre as 14,00h da mediodía, no Restaurante O Pantano, en Abegondo. Con servizo de autobús.
- Obradoiro “*Feminicidio. Unha nova orde Patriarcal*”, a cargo da catedrática Carme Adán; promovido pola Deputación provincial e organizado pola Concellaría de Benestar Social e Igualdade, o vindeiro 13 de abril ás 19,00h no Centro Social Municipal Amparo Prego Ruibal.
- Obradorio de “*Coaching con PNL rexenerativo. Consciencia Interna*”, dentro do Programa Volvoreta, impartido pola Asociación Daleth, organizado pola Concellaría de Benestar Social e Igualdade, o vindeiro 15 de marzo ás 18,30h da tarde na sala municipal de actividades Pintora María Cagiao Díaz, de Vilaboa.”



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

3.2.3.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da Concellería delegada da ÁREA de Urbanismo:

"RESOLUCIONES D0 15.02.2019

Resolución núm 253.- Concedendo a Carpintería Metálica Aluman S.L., licenza de obras para illamento acústico na vivenda situada na Avda. Hermida núm. 46, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2018/263).

Resolución núm. 254.- Concedendo a J.B.L. Licenza municipal de obras para a construcción dunha vivenda unifamiliar, unha barbacoa, un galpón e unha piscina, situado no Lugar de Souto, parroquia de Orro (exp. UAU/2018/787).

COMUNICACIÓNES PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por L.C.P., para a reforma interior en vivenda situada en Rúa Andrés Pan Vieiro, parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2018/554).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 21 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por C.PROP. EDIFICIO RESIDENCIAL VILABOA CULLEREDO, para substitución de batería de contadores de auga, nun edificio situado en Rúa Dereitos Humáns, núm. 1, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2018/574).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 25 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por REVESNOR, S.L., para rehabilitación de fachada lateral e posterior edificio situado en Rúa Amparo López Jeán, 21, 23 e 25, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/592).

C.I.F.P-1503100-H

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 26 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por M.A.M.F. para substitución de ventás en vivenda situada en Rúa Anxo Senra Fernández, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/594).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 26 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por CDAD. PRO. VILACULLER BLOQUE IV PORTAL A Y B CULLEREDO, para formación de rampa eliminando tres peldaños de portales A y B, do edificio situado na Praza Daniel Rodríguez Castelao, Bloque 4, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/599).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 26 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por R.A.G., para pintado de fachada en vivenda situada en Rúa Monasterio de Carracedo, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2018/602).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 26 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por E.P.B. , para reforma de baño e cociña en vivenda situada na Avda. de Vilaboa, Parroquia de Rutis. (UAU/2018/614).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 26 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por M.F.P., para trasdosado de teito baixo cuberta, pasteado e pintado, en vivenda situada en Rúa Fraternidade, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/623).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 27 de febreiro de 2019, a comunicación previa presentada por J.A.R.C., para substitución de cuberta e limpeza e encintatado de fachada, situada en Cabana, parroquia de Veiga (exp. UAU/2018/624)"

3.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da ÁREA de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN"

EDUCACULLEREDO 2018/19

A) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 7 de marzo (5ª sesión).

Horario: de 09:50 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP novo.

Curso: 3º- 4º EP.

Nº participantes: 16 + persoas maiores colaboradoras.

Lugar: Aula.

ACTIVIDADES CULTURAIS

LUNS 4 DE MARZO

ENTROIDO DE CULLEREDO. 2019.

Entorno da igrexa de Veiga. 13.00 h:

ROMERÍA DE SAN BRAIS EN VEIGA, con comparsas, lectura do Testamento e actuación da Orquestra Fania.

Ás 12.30 h, misa na igrexa parroquial.

XOVES 7 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro do Andamio: estrea da obra *Insubmisión*, de Rosa Molero.

(Previamente, ás 19.30 h, haberá un encontro da autora con mulleres de Culleredo).

VENRES 8 DE MARZO

Salón de actos do Conservatorio. 18.30 h:

Concerto didáctico de piano, con alumnos/as da profesora Alís Polo.

VENRES 8 DE MARZO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragona Ramona. "Especial Día da Muller 8 de marzo".

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 8 DE MARZO

Hall da Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo.

Ábrese ao público a exposición de alumnos/as do taller de Lidia Carrión. Ata o 6 de abril.

OBRADOIRO DE COIDADO DE BONSÁIS

Organizado pola Asociación Bonsai Coruña.

Celebraranse os domingos 7 e 14 de abril, na Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo, en horario de 10.30 a 13.30 h.

Quenda de 20 persoas en cada sesión, por orde de solicitude.

As inscricións, dende o 4 de marzo, faranse persoalmente no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo, por teléfono no 981665597 pu por email en cultura@culleredo.es

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.



Código do documento	Código do expediente
USG13I007Z	USG/2019/25
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	444J 620D 0E0V 4815 10AQ

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H